

ESCOOLA INFANTIL MUNICIPAL

PROXECTO EDUCATIVO

ARELA



ÍNDICE

1 ANÁLISE DO CONTEXTO	3
1.1 CARACTERÍSTICAS DO CENTRO	3
1.2 MARCO ADMINISTRATIVO	3
1.3 RECURSOS	4
1.3.1. Recursos humanos:	4
1.3.2 Recursos Materiais:.....	4
1.3.3. Recursos económicos:	4
2 SINAIS DE IDENTIDADE E INTENCIONS EDUCATIVAS	4
2.1 OBXECTIVOS XERAIS DA ESCOLA	5
2.1.1 Relativos ao alumnado.....	5
2.1.2 Relativos aos profesionais.....	5
2.1.3 Relativos ás familias.....	5
2.1.4 Relativos á comunidade.....	6
3 FINS E INTENCIONS EDUCATIVA DA ESCOLA DE ACORDO COAS SINAIS DE IDENTIDADE. PROPOSTA PEDAGÓXICA.....	6
3.1 A NOSA LIÑA PEDAGÓXICA	6
3.2 PAPEL DOS EDUCADORES E EDUCADORAS	6
3.3 A COLABORACIÓN COAS FAMILIAS	7
3.3.1 Xuntanzas de aula	7
3.3.2 Organización de festa	7
3.4 PERÍODO DE ADAPTACIÓN.....	8
3.5 PROPOSTA PEDAGÓXICA	8
3.5.1 Competencias básicas (competencias clave no Real Decreto)	9
3.5.2 Obxectivos xerais, contidos e criterios de avaliación da etapa de educación infantil.....	9
3.5.3. As áreas de coñecemento (áreas modificadas polo decreto de mínimos)	10
3.5.3.1 Área de Crecemento en harmonía	10
3.5.3.2 Área de Comunicación e Representación da Realidade	12
3.5.3.3. Área de Descubrimento e Exploración da Contorna.....	13
4 ORGANIZACIÓN XERAL DA ESCOLA	15
4.1 HORARIO DA ESCOLA E A SÚA DISTRIBUCIÓN	15
4.2 HORARIOS ESPECIAIS DA ESCOLA.....	15
4.2.1- Período de Adaptación : Do que xa falamos anteriormente.....	15
Ver punto 3.3	15
4.2.2- Horario reducido	15
4.3 ESPAZOS E AMBIENTE	15
4.4 PERSOAL DA ESCOLA	16
4.4.1 Director/a	16
4.4.2 Equipo educativo:.....	16
4.4.3 Persoal non docente.....	16
5. OFERTA DE ACTIVIDADES E SERVIZOS	17
5.1 COMEDOR.....	17
5.2 HORAS COMPLEMENTARIAS.....	17
5.3 SAÍDAS	17
5.4 OUTRAS ACTIVIDADES	18
6. MODOS DE PARTICIPACIÓN E COLABORACIÓN ENTRE OS DIFERENTES SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA.....	18
6.1 PROFESIONAIS DA ESCOLA	18
6.1.1 Equipo educativo.....	18
6.1.2 Órganos de coordinación docente.....	18
6.2 CONCELLO.....	19
6.3 AS FAMILIAS	19

6.4	CONSELLO ESCOLAR.....	20
7.	FORMAS DE COLABORACIÓN CON OUTRAS ESCOLAS DA REDE E OUTRAS ENTIDADES PÚBLICAS E PRIVADA.	20
7.1	ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS	20
7.2	OUTRAS ENTIDADES.....	21
8	PROXECTO LINGÜÍSTICO DA ESCOLA.....	21
8.1	OBXECTIVOS E LIÑAS XERAIS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA	22
8.2	ACTIVIDADES TIPO PARA A INTRODUCCIÓN DA LINGUA GALEGA	22
8.3	DOMINIO DAS DÚAS LINGUAS OFICIAIS	22
8.4	ACTUACIÓNS DINAMIZADORAS	23
8.5	A LINGUA ESTRANXEIRA.....	23
8.5.1	<i>Principios metodolóxicos.....</i>	23
8.5.2	<i>Obxectivos xerais.....</i>	23
8.5.3	<i>Contidos</i>	23
8.5.4	<i>Actividades.....</i>	23
8.5.5	<i>Organización da actividade e inclusión no PE.....</i>	24
8.6	CRITERIOS DE SEGUEMENTO E AVALIACIÓN DO PROXECTO	24
9	PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.	24
9.1	XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO E IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.	24
9.2	DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS.	25
9.3	DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	25
9.3.1	<i>Actuacións:.....</i>	25
9.4	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	25
9.4.1	<i>Medidas ordinarias</i>	25
9.4.2	<i>Medidas extraordinarias</i>	26
9.5.	PROGRAMAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	26
9.6.	DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.....	26
9.6.1.	<i>En canto aos recursos.....</i>	26
9.6.2.	<i>En canto ás infraestructuras</i>	27
9.6.3.	<i>En canto a aplicación das medidas</i>	27
9.7.	CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA A ESCOLA.	28
9.7.1.	<i>Do equipo directivo</i>	28
9.7.2.	<i>Do profesorado titor e de apoio.....</i>	28
9.8.	MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTROS NIVEIS EDUCATIVOS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN	28
9.9.	CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.....	28
9.10.	PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.....	29
9.11.	PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.....	29
10	PROXECTO DE FOMENTO DA IGUALDADE ENTRE NENAS E NENOS	29
10.1	PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN	29
10.2	OBXECTIVOS E MEDIDAS.....	30
10.2.1.	<i>Obxectivos xerais:.....</i>	30
10.3	OBXETIVOS DO PLAN DE IGUALDADE NA NOSA ESCOLA.....	30
10.3.1.	<i>Concreción de obxectivos:.....</i>	30
10.4	MEDIDAS A LEVAR A CABO EN BASE ÁS COMPETENCIAS CLAVE	31
10.4.1	<i>Acciones previstas na comunidade educativa.....</i>	31
10.5	METODOLOXÍA	31
10.6	PROCEDEMENTO E INDICADORES PROPOSTOS PARA REALIZAR O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN	32
11	PROXECTO MEDIOAMBIENTAL.....	32
11.1	HORTA	32
11.2	RECICLAXE E REDUCCIÓN DE BASURAS.....	32
11.3	HÁBITOS.....	32

1 ANÁLISE DO CONTEXTO

A Escola Infantil Municipal Arela está situada na Avenida de Oleiros s/n, dentro do barrio de Elviña, pertencente ao distrito sete do Concello de A Coruña.

É unha zona residencial, con fácil acceso dende calquera zona da nosa cidade, xa que podemos achegarnos a ela en coche, ou en transporte urbano. Está a pouca distancia da estación de tren e tamén da estación de autobuses.

En xeral é un barrio tranquilo, cun nivel sociocultural medio e onde viven un grande número de nenos/as pequenos.

O barrio ten varias zonas axardinadas, sendo un espazo moi visitado polos nenos/as por ter varios parques de xogos para os máis pequenos.

Cerca da Escola atópase o Polígono da Grela, varios centros comerciais, os Novos Ministerios, así como varios CEIPS, polo que grande número de familias usuarias da Escola son traballadores destes centros.

A Escola encóntrase tamén moi preto do Mercado de Elviña, a Biblioteca González Garcés e o Centro de Saúde.

A lingua predominante e maioritaria nesta zona é o castelán, aínda que tamén se fala o galego entre as persoas máis maiores, sobre todo en certas expresións coloquiais, non sendo esta a lingua maioritaria dos pais e dos nenos/as.

Temos que destacar que a poboación que é usuaria da Escola Infantil Municipal Arela, é moi variada xa que non só pertencen a este distrito do Concello senón de todo, xa que a Escola está aberta a todos os residentes de A Coruña como ben se establece no ROFREIM.

1.1 CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

Trátase dunha Escola Infantil 0-3 anos de titularidade Municipal, e a súa existencia ven dada para atender a demanda deste tipo de servizos e para cubrir as necesidades educativas dos nenos/as da cidade de A Coruña.

Arela é unha escola con capacidade para 115 nenos e nenas, distribuídos en: 2 aulas de 0-1 ano, 3 aulas de 1-2 anos, 3 aulas de 2-3 anos.

Con respecto á escola, en particular, dicir que o edificio conta cunha superficie de 985 m² e cunha parcela exterior duns 960 m², consta de 8 aulas, cociña, sala de mestres/as, despacho, patio interior cuberto, xardín, aseos e outras dependencias, distribuídas en dous niveis.

A grande zona axardinada está dividida en tres espazos, o xardín para as aulas de 0-1 ano, o xardín da parte superior para as aulas de 1-2 e 2-3 anos e unha parte delimitada onde traballaremos a horta da Escola.

1.2 MARCO ADMINISTRATIVO

- Regulamento de organización e funcionamento das Escolas Infantís integradas na Rede de Escolas Infantís Municipais do Concello de A Coruña (BOP de 6 de agosto de 2020).
- Conclusións do Consello da Unión Europea de 12 de maio de 2009, sobre un marco estratéxico para a cooperación europea no ámbito da educación e a formación (ET2020) (Diario Oficial C 119, de 28 de maio de 2009).
- Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (BOE/BOE de 4 de maio).
- Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG de 14 de Xullo).
- Lei 5/1988, do uso do galego como lingua oficial por las entidades locais (DOG de 30 de Xuño de 1988).
- Lei 5/1997, de 22 de Xullo, de Administración local (DOG de 5 de agosto de 1997).
- Decreto 330/2009, de 4 de Xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil (DOG de 23 de Xuño . (1)

- Decreto 329/2005, de 28 de Xullo , que regula os Centros de Menores e Atención á infancia (DOG de 16 de agosto).
 - Decreto 79/2010, de 20 de Maio, para o Plurilingüístico na ensinanza non universitaria (DOG de 25 de maio).
 - Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o Réxime de rexistro, autorización e inspección de los Servizos Sociais (DOG de 20 de Xaneiro de 2012).
- (1) Aínda que para xa está en vigor o Real Decreto 95/2022 do 1 de Febreiro polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil, pendente de desenvolver na Comunidade Autónoma de Galicia.

1.3 RECURSOS

1.3.1. Recursos humanos:

O persoal co que contará a Escola será de 3 Mestres/as de Ed Infantil, 11 Técnicos de Ed Infantil, 1 Mestra inglés, 1 Cociñeira, 1 Axudante cociña.

1.3.2 Recursos Materiais:

A elección do material, así como a súa disposición e distribución na aula, supón un proceso de reflexión e elección de gran importancia na tarefa educativa.

O material mobiliario e o material didáctico servirán para desenvolver as capacidades afectivas, físicas, intelectuais e sociais en función das súas posibilidades, presentados todos dunha forma atractiva para a súa exploración e manipulación.

No mercado e na natureza existen múltiples materiais con potencialidades moi diversas que os educadores/as teremos que someter a un proceso de elección en relación cos obxectivos marcados.

Nesta elección son importantes aspectos como o sentido estético, funcionalidade, a durabilidade, seguridade, tacto, a limpeza, etc...

A colaboración que promovemos coas familias (realización de materiais, aportacións) dotará dun valor significativo ao proceso, axudando á continuidade entre o entorno escolar e o entorno familiar.

Ademais, existe material non estruturado que se presenta en proposta de xogo como o cesto dos tesouros, o xogo heurístico, as bandexas sensoriais e o cubo sensorial.

Cada educador/a fará as súas aportacións promovendo unha aprendizaxe sensorial, significativa e por descubrimento a través de actividades en "tuff tray" ou instalacións.

Na escola, ademais de contar co grande recurso material que é a propia escola en si, tamén damos importancia á utilización de materiais naturais e de refugallo.

Os recantos das aulas están equipados para o xogo simbólico, xa que dende o xogo facilitarémolles aos nenos e nenas un achegamento á vida cotiá e ao descubrimento das relacións que se establecen no día a día.

1.3.3. Recursos económicos:

Os recursos económicos serán a aportación económica do Concello, tal como establece Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do procedemento aberto para a adxudicación do contrato de servizos para a xestión das escolas infantís (...), por lotes

Outros ingresos serán os facturados ás familias por servizos complementarios: horas complementarias e servizo de comedor.

2 SINAIS DE IDENTIDADE E INTENCIÓNS EDUCATIVAS

Partindo da realidade do centro, da súa contorna, e tendo en conta o marco lexislativo actual, os valores e a concepción pedagóxica na que se cimenta o noso proxecto educativo é establecer uns obxectivos que contribúan ao desenvolvemento integral e harmónico do alumnado en todas as súas dimensións: física, emocional, sexual, afectiva, social, cognitiva e artística. Iremos potenciar a autonomía persoal e a creación dunha imaxe positiva e equilibrada de si mesmo, así como a educación en valores cívicos para a convivencia,

fomentando a interculturalidade como instrumento de superación de inxustizas, xenofobia e racismo.

O noso maior obxectivo será garantir a educación, a atención e inclusión de todos/as os nenos e nenas, favorecendo a súa autonomía persoal e relación cos iguais; favorecer a equidade, co fin de compensar os efectos da desigualdade de orixe cultural, social e económica, a detección precoz e a atención temperá de necesidades específicas de apoio educativo (NEAE). Todo isto partindo de medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares que se adecúen á realidade da Escola e tendo en conta os principios do deseño universal para a aprendizaxe (DUA).

2.1 OBXECTIVOS XERAIS DA ESCOLA

2.1.1 Relativos ao alumnado

- Coñecer o seu propio corpo e o dos outros compañeiros/as da Escola, así como as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas dos demais nenos/as da Escola.
- Observar e explorar a súa contorna familiar, escolar, natural e social.
- Adquirir progresivamente un bo desenvolvemento motriz durante a xornada escolar co fin de contribuír a fomentar unha boa saúde física e emocional dos nenos/as.
- Relacionarse cos outros/as, desenvolvendo as normas sociais que fomentan a igualdade, a resolución pacífica de conflitos evitando calquera tipo de violencia entre mulleres, homes e iguais.
- Desenvolver a linguaxe dentro das súas posibilidades aceptado as distintas linguas usadas na Escola (galego, castelán e inglés)

2.1.2 Relativos aos profesionais.

- Conseguir que os procesos de ensino e aprendizaxe sexan de tipo construtivo, significativo e funcional, fomentando a capacidade de observación e experimentación, para ir adquirindo progresivamente hábitos de traballo.
- Buscar todos aqueles materiais, espazos e propostas innovadoras que axuden a mellorar a nosa labor educativa.
- Aproveitar os recursos (socioculturais, físicos, naturais, persoais,...) que nos ofrece o entorno como un elemento de aprendizaxe da nosa propia escola.
- Traballar a educación en igualdade, promovendo, aplicando e desenvolvendo as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- Fomentar o traballo en equipo, aproveitando a diversidade, a creatividade e a potencialidade de todos/as respectando as diferenzas para así dar coherencia á acción educativa, e poder adaptar deste xeito a práctica educativa ás características persoais, necesidades, intereses e ritmos dos nenos e das nenas.
- Promover a difusión da cultura galega e a normalización da nosa lingua, empregando o galego como lingua vehicular na escola.
- Fomentar a comunicación nas dúas linguas oficiais de Galicia, valorándoas como ferramentas de relación cos demais.
- Garantir un achegamento a lingua inglesa, seguindo o Marco común Europeo de Referencia as Linguas e tamén o ROFREIM,
- Fomentar a alimentación saudable, partindo de produtos ecolóxicos e de proximidade; sendo o comedor un momento educativo dentro da Escola.
- Fomentar e garantir a formación permanente de todo o persoal do centro, considerándoa chave para mellorar a práctica docente.

2.1.3 Relativos ás familias.

- Promover proxectos onde participe toda a comunidade educativa, valorando de xeito fundamental a colaboración coas familias, instrumento imprescindible na labor docente.

- Favorecer na Escola espazos para a comunicación e a utilización de novas tecnoloxías para ter unha canle aberta entre os dous elementos fundamentais no desenvolvemento dos rapaces/as nesta etapa educativa.

2.1.4 Relativos á comunidade.

- Impulsar relacións de colaboración e intercambio de experiencias con outras escolas da REIM, así como entidades e organizacións educativas, para favorecer a mellora da calidade educativa a través do traballo en rede.
- Participar de forma activa en tódolos programas e actividades que o Concello de A Coruña desenvolva para fomentar a igualdade, o respecto, a alimentación saudable e todas aquelas que axuden a fomentar unha sociedade máis xusta e igualitaria.

3 FINS E INTENCIONS EDUCATIVA DA ESCOLA DE ACORDO COAS SINAIS DE IDENTIDADE. PROPOSTA PEDAGÓXICA.

3.1 A NOSA LIÑA PEDAGÓXICA

Á hora de trazar unha liña pedagóxica na que basearemos o noso traballo debemos dicir que non seguiremos unha teoría pedagóxica única, senón que traballaremos con teorías de referencia que nos axuden a levar a nosa tarefa educativa e conseguir os obxectivos seguindo as nosas sinais de identidade, o que nos permite configurar un marco educativo propio.

Seguindo a nosas sinais de identidade pretendemos:

- Seguir as experiencias persoais dos nenos/as, que lles axuden a adquirir hábitos básicos para a súa autonomía, elaboración dunha imaxe corporal positiva de si mesmo/a, coñecer o entorno onde se desenvolven e dar uso á linguaxe nas dúas linguas oficiais de Galicia e achegamento ao inglés.
- Traballar dende o emocional, o afecto e as emocións, establecer vínculos estables e seguros para que así os rapaces/as poidan abrirse ao mundo social e ao mundo dos obxectos, sempre respectando os seus tempos e ritmos, que son diferentes en cada un deles/as.
- Aprender a través do xogo, elemento fundamental na nosa práctica educativa. É unha manifestación libre e espontánea do interior dos rapaces/as que orixina, tal como di Froebel, gozo, liberdade e satisfacción; este xogo estará deseñado, cun ambiente preparado e no que nós, os educadores/as, sexamos uns meros guías e observadores, fomentando unha boa educación motriz e sensorial.
- Para a educación nas emocións e no sensorial, moi importantes para o desenvolvemento e aprendizaxe, debemos partir dende a familia e continuar na Escola. Por isto é fundamental o traballo con elas e ser unha escola aberta, onde as familias podan estar e participar activamente no proceso educativo dos seus fillos/as. Para nós é moi importante este traballo, xa que pretendemos que a Escola sexa unha continuación da vida familiar e que as familias así o vivan.

3.2 PAPEL DOS EDUCADORES E EDUCADORAS

- Buscar recursos para interaccionar adecuadamente cos nenos/as e así conseguir un bo proceso de ensino-aprendizaxe.
- Manter cos alumnos/as una actitude afectuosa e tolerante, de respecto e confianza e axudarlles na consecución de principios de igualdade e tolerancia, o mesmo que a vivir de forma pacífica evitando calquera tipo de violencia.
- Acompañar nos procesos de aprendizaxe, partindo dun proceso de descubrimento planificado, presentando de forma atractiva o material e buscando propostas innovadoras que nos axuden na nosa práctica educativa.
- Documentar o traballo educativo, investigando para coñecer e recoñecer as ideas, emocións e os sentimentos do alumnado, adecuando todo isto ao noso traballo.

- Fomentar a alimentación saudable e valorar o comedor como un momento educativo.
- Utilizar a lingua galega como lingua vehicular da Escola, axudando na súa difusión e uso, aínda que tamén estará presente o castelán, a outra lingua oficial de Galicia, e faremos un achegamento a lingua inglesa.
- Ter interese para formarse profesionalmente e curiosidade por coñecer prácticas educativas doutros centros, vincularse coas escolas da REIM así como distintas propostas que puideran chegar a ser trasladadas a nosa escola, sempre e cando se axusten as nosas necesidades e obxectivos.
- Mostrar unha dispoñibilidade consciente ao interrelacionarse cos nenos e nenas, respectando os ritmos de adaptación e favorecendo que se forme unha relación segura e un bo ambiente na aula e na Escola.

3.3 A COLABORACIÓN COAS FAMILIAS

Para a nosa escola a FAMILIA xoga un papel fundamental no noso proxecto educativo e na vida da Escola, como xa o manifestamos anteriormente. Nesta primeira etapa é importantísimo que exista unión, nos coñezamos, relacionemos fluidamente e que exista unha gran CONFIANZA entre as dúas partes; aprendendo unhas de outras, sempre dende o respecto mutuo.

As canles de participación e información son moi importantes:

- A canle máis importante de participación dos pais e nais na Escola é o Consello Escolar, aquí teñen representación tanto os pais e nais como a ANPA que ten funcionamento na Escola.
- As familias participan nas saídas escolares, tanto as programadas dende o Concello de A Coruña como as que organiza a Escola dependendo do proxecto que esteamos a traballar.
- Intercambio de información diaria relativa ás rutinas dos nenos/as: sonos, comidas, hixiene...a través de axendas nas aulas de 0-1 e dos paneis de aula no resto das idades.
- Algo que é moi importante na información sobre a vida da aula e da Escola son os recantos de PAIS e NAIS. Neles as familias terán información de todo o que estamos traballando, os almozos, circulares, e o máis importante A LIBRETA DE AULA, un diario onde contamos todo o que fixemos na aula durante a mañá.
- Utilización de sistema de comunicación telemático bidireccional coas familias, onde trasladaremos información diaria e tamén circulares, notificacións, solicitar axuda, etc...
- Somos unha escola aberta ás familias, terán libre acceso á escola e ás aulas, poderán vir a pasar a mañá con nos, gozar dos aniversarios de seus fillos e fillas, vivir as festas da Escola, vivir a Escola como a súa.

3.3.1 Xuntanzas de aula

Teremos dúas xuntanzas anuais: unha previa ao comezo do curso, onde falaremos de como será o período de adaptación, como é a aula, que imos traballar nese primeiro trimestre e as cousas que necesitamos ter na aula; a volta das vacacións de Nadal teremos outra xuntanza, onde ensinamos como se desenvolve a nosa vida na aula, que saídas e actividades imos ter na escola, como planificamos o Entroido, etc.

3.3.2 Organización de festa

Para nós, tanto a festa de Nadal como a Festa de Entroido, son importantes xa que nelas vivimos e convivimos todos os que formamos parte da Escola.

Na festa de Nadal, invitamos as Súas Maxestades de Oriente a visitar a escola, para o que pedimos participación de pais e nais. O equipo educativo da Escola organiza algunha actividade para ese día e logo facemos unha merenda na que convivimos todos/as. Coa axuda das familias decoraremos a Escola e faremos adornos con material de refugallo.

A festa de Entroido, xa comeza coa temática escollida polo Claustro da Escola onde saíran os nomes das aulas cos que nos identificaremos e como nos recoñecerá o resto da Escola, dende este proxecto xira a nosa vida da escola durante todo o curso, e é en Entroido onde se culmina. Nesta festa contaremos coa colaboración das familias para realizar unha actuación durante a festa, na que participan pais e nais que durante días preparan a súa participación xunto con outros pais e nais, sendo tamén unha forma de compartir e aprender. O mesmo que na festa de Nadal, faremos unha merenda na que todas as familias compartiremos un bo momento xuntos/as.

3.4 PERÍODO DE ADAPTACIÓN

O proceso de adaptación debese coidar de xeito especial, tal como se contempla no decreto 330/2009 do 4 de xuño onde se establece o currículo da Educación Infantil, así como no ROFREIM, no artigo 21.

Na relación familia-escola adquire unha especial relevancia a acollida que durante os primeiros días se lles faga. É neste tempo cando se establecen os primeiros vínculos coa Escola baseados na seguridade e na confianza, por iso traballaremos a ADAPTACIÓN con moito mimo.

Comezaremos este período no verán, antes de comezar o curso, enviando ás familias unha fotografía do titor ou titora, co obxectivo de que os nenos/as a vexan e se vaian familiarizando con el/ela, que non sexa unha cara descoñecida cando en setembro veña á escola. Achegarase tamén información para os pais/nais relativa a finalidade da fotografía, así como a data da primeira xuntanza que teremos con eles. Esta primeira xuntanza informativa, de cada titor/a coas familias do seu grupo, terá lugar nos primeiros días de setembro, antes da incorporación dos nenos/as á escola. Nela, ademais de falar dos puntos comentados anteriormente, tentaremos crear un clima de confianza coas familias, resolvendo todas as súas dúbidas e inxedanzas.

Ao comezar o curso o centro contará cun horario especial de adaptación, para que a incorporación ás aulas se faga dun xeito progresivo: durante a primeira semana os nenos/as acudirán unha hora, acompañados dun adulto; na seguinte semana tres horas (9:30-12:30); e a partir da terceira semana a escola funcionará co horario completo.

Os/as nenos/as irán aumentando o tempo na aula dependendo do ritmo persoal de cada un/unha, creando pouco a pouco un lazo afectivo co titor/a e coa escola en xeral. O adulto acompañante seguirá as pautas que lle vaia dando o titor/a, de como actuar e como ir acurtando o tempo na aula de xeito que este proceso de adaptación se faga da maneira máis relaxada posible.

Unha das dificultades máis salientables na incorporación do neno/a á escola vén dada polo proceso de separación da súa familia. A maneira na que se resolva este proceso será transcendental nos procesos posteriores de adaptación social, na actitude do neno/a cara á escolaridade e, en xeral, cara ás aprendizaxes escolares.

3.5 PROPOSTA PEDAGÓXICA

Nesta etapa, máis que noutra, desenvolvemento e aprendizaxe son procesos dinámicos, que teñen lugar como consecuencia da interacción coa contorna; onde se asentan as bases para o desenvolvemento persoal e social e intégranse aprendizaxes que están na base das competencias que se consideran básicas para todos os nenos/as.

Aplicarémolo tendo en conta as características psicopedagóxicas dos nenos/as e seguindo a liña educativa que estamos establecendo neste proxecto para a nosa escola.

A atención individualizada constituirá a pauta ordinaria da acción educativa dos educadores e educadoras e demais profesionais que traballemos na Escola e concretaremos na aula.

3.5.1 Competencias básicas (competencias clave no Real Decreto)

COMPETENCIAS BASICAS	COMPETENCIAS CLAVES
COMPETENCIA EN COMUNICACIONES LINGÜÍSTICA	COMPETENCIA PLURILINGÜE
COMPETENCIA MATEMÁTICA	COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIA EN CIENCIA, TECNOLOGÍA E INXENERÍA
COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E A INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO	COMPETENCIA PERSOAL, SOCIAL E DE APRENDER A APRENDER.
TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL	COMPETENCIA DIXITAL
COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ	COMPETENCIA CIDADÁ
COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA	COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURALES
COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER	COMPETENCIA EMPRENDEDORA
AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL	

A adquisición efectiva das competencias clave favorecerémolas utilizando a metodoloxía que coloca aos nenos/as como axentes da súa propia aprendizaxe, fomentando o aprender a aprender, deseñando situacións de aprendizaxes estimulantes, significativas e integradoras, ben contextualizadas e respectuosas co proceso de desenvolvemento integral dos nenos/as en todas as súas dimensións, que teñan en conta as súas potencialidades, intereses e necesidades, así como as diferentes formas de comprender a realidade en cada momento de la etapa.

3.5.2 Obxectivos xerais, contidos e criterios de avaliación da etapa de educación infantil

O Decreto 330/2009 do 4 de xuño, marca unha serie de obxectivos para a etapa, así como os obxectivos, contidos e criterios de avaliación para cada unha das áreas do primeiro ciclo da Educación Infantil, debemos ter en conta o Real Decreto 95/2022 do 1 de Febreiro polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil, pendente de desenvolver na Comunidade Autónoma de Galicia, seguiremos as súas indicacións, xa que será o que estará en vixencia o curso 2022-23.

A educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nenos as capacidades que lle permitan:

1. Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
2. Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
3. Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
4. Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
5. Relacionarse cos demais en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos, e con empatía.
6. Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
7. Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo, no movemento, o xesto e o ritmo.
8. Achegarse, na medida das súas posibilidades, ó uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

9. Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre homes e mulleres.

As competencias que buscamos desenvolver teñen carácter transversal, ningunha correspondese cunha única área; e todas adquirense e desenvólvense a partir das aprendizaxes que se producen nas distintas áreas.

En cada área e ciclo establécense uns criterios de avaliación, non teñen valor acreditativo, pero serven como referentes para identificar o ritmo e as características do progreso que se vai producindo, proporcionando unha valiosa información para o labor de prevención, detección e intervención.

3.5.3. As áreas de coñecemento (áreas modificadas polo decreto de mínimos)

Os contidos educativos da etapa de educación infantil organízanse arredor de tres áreas:

- *Crecemento en Harmonía*
- *Comunicación e Representación da Realidade*
- *Descubrimiento e Exploración da Contorna*

Estas áreas correspóndense con ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento infantil.

3.5.3.1 Área de Crecemento en harmonía

3.5.3.1.1 Obxectivos

OBX1. Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.

OBX2. Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva.

OBX3. Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable.

OBX4. Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos.

3.5.3.1.2 Contidos da área de Crecemento en Harmonía

- Descubrimiento e recoñecemento do propio corpo, da propia imaxe e a das persoas da súa contorna. Identificación e respecto das diferenzas.
- Adaptación e progresivo control da coordinación, do ton, dos desprazamentos e da postura ás diferentes situacións da vida cotiá.
- Curiosidade e interese pola exploración sensomotriz. Integración sensorial do mundo a través das posibilidades perceptivas.
- Identificación dos sentidos e dos seus órganos como fonte de sensacións para o descubrimento propio e da contorna
- Identificación dos riscos habituais asociados ao movemento e ao uso de estratexias e recursos adecuados para a súa autoprotección.
- Identificación e recoñecemento das características e calidades persoais valorando positivamente as diferenzas.
- Toma de conciencia progresiva da súa identidade, evitando a instalación de estereotipos de xénero.
- Identificación e adecuación de estados emocionais ás diferentes situacións: tempos de espera, frustracións asociadas á satisfacción inmediata de desexos.
- Identificación progresiva das causas e das consecuencias das emocións básicas.
- Emprego de estratexias para afrontar as dificultades e adversidade recoñecendo os propios límites.
- Accións que favorecen a saúde e xeran benestar. Interese por ofrecer un aspecto saudable e aseado.
- Identificación e recoñecemento das características e calidades persoais para unha

aceptación da propia imaxe, valorando positivamente a diferenza.

- Adquisición da autonomía progresiva nos hábitos de descanso, alimentación, hixiene e limpeza.
- Iniciación na práctica de accións que favorezan a interacción e a adquisición de hábitos saudables, como a hixiene corporal e ambiental, a adecuada alimentación, o consumo responsable e a regulación dos ritmos de sono e vixilia, actividade e descanso, acción e relaxación.
- Adaptación progresiva dos ritmos biolóxicos propios ás rutinas de grupo.
- A transición do grupo familiar ao grupo social da escola.
- Os primeiros vínculos afectivos. Apertura e interese cara a outras persoas. Sentimentos de pertenza e vinculación afectiva coas persoas de referencia.
- A aula e o centro como grupos sociais de pertenza.
- Achegamento á diversidade funcional e ás súas implicacións na vida cotiá
- Desenvolvemento de actitudes de espera e de participación activa na vida colectiva, con iniciativa e progresiva autonomía, regulando o propio comportamento, cara á resolución pacífica de conflitos

3.5.3.1.3 Criterios de avaliación

- Tomar conciencia do propio corpo global e segmentariamente.OBX1
- Coordinar e controlar o seu corpo e as súas posibilidades motrices adaptándoo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá.OBX1
- Mostrar aceptación e respecto polo propio corpo e polo das demais persoas, mellorando progresivamente no seu coñecemento e recoñecendo as súas limitacións. OBX1
- Recoñecer os sentidos como fonte de sensacións empregándoos para o coñecemento do mundo circundante.OBX1
- Manifestar progresivamente sentimentos de seguridade, afecto e competencia nas propias accións.OBX2
- Relacionarse coas outras persoas aceptando e mostrando afecto de maneira libre, segura, respectuosa e afastada de todo tipo de estereotipos. OBX2
- Iniciarse na resolución de conflitos cos seus iguais coa mediación da persoa adulta, experimentando os beneficios de chegar a acordos.OBX4
- Practicar un estilo de vida saudable e de benestar integral mediante unha alimentación equilibrada e pracenteira, un descanso autónomo e suficiente, o gusto pola limpeza e a adecuación na vestimenta.OBX3
- Adecuar as súas accións e reaccións a cada situación, nunha interacción lúdica e espontánea coa contorna, explorando as súas posibilidades motoras e perceptivas e progresando en autonomía, precisión, seguridade, coordinación e intencionalidade. OBX1
- Recoñecer e anticipar a sucesión temporal de actividades, ritmos biolóxicos e pautas socioculturais que estruturan a dinámica cotiá, asociándoa a elementos, procedementos e actitudes concretas.OBX3
- Establecer vínculos e relacións de apego saudables, demostrando actitudes de afecto e empatía cara ás demais persoas.OBX4
- Desenvolver condutas e situacións baseadas no respecto, na empatía, na igualdade de xénero e no respecto aos dereitos humanos, a través do xogo de imitación.OBX4
- Iniciarse na resolución pacífica de conflitos desenvolvendo a tolerancia á frustración e experimentando os beneficios de chegar a acordos.OBX4
- Mostrar aceptación e respecto polo propio corpo e polo dos demais, mellorando progresivamente no seu coñecemento e recoñecendo as súas limitacións. OBX1
- Recoñecer e anticipar a sucesión temporal dos ritmos biolóxicos, rutinas e pautas socioculturais que estruturan a dinámica cotiá, asociándoa a elementos, procedementos e actitudes concretas.OBX3

- Desenvolver condutas e situacións baseadas no respecto, na empatía, na igualdade de xénero e no respecto aos dereitos humanos a través do xogo de imitación.OBX4

3.5.3.2 Área de Comunicación e Representación da Realidade

3.5.3.2.1 *Obxectivos*

OBX1. Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna

OBX2. Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.

OBX3. Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubriendo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.

OBX4. Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.

OBX5. Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.

3.5.3.2.2 *Contidos da área de Comunicación e Representación da Realidade*

- Contacto e intercambio visual e desexo de comunicarse. A emoción e a proximidade como base do intercambio comunicativo.
- Recoñecemento e a utilización das posibilidades do corpo para comunicar. A expresión facial e corporal: xestos de intención, necesidade e estado de ánimo, así como as sensacións que os acompañan.
- A vivencia de xestos e movementos como recursos corporais para a expresión e a comunicación e máis para o intercambio afectivo.
- A adopción de actitudes comunicativas significativas: mirada referencial, atención, escoita activa da persoa adulta e reacción ante elas, empatía e asertividade.
- Ampliación do repertorio lingüístico individual achegamento á realidade lingüística da aula e da contorna, respecto polo diversidade lingüística
- Emprego dunha linguaxe rica e libre de estereotipos de xénero.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás: primeiras conversacións con sons, vocalizacións e xogos de interacción.
- Expresión vogal e articulación das palabras. Xogos de imitación, lingüísticos e de percepción auditiva.
- Valoración da lingua oral como o instrumento esencial para a comunicación.
- A quenda de diálogo e a alternancia en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade.
- Aproximación ao uso da linguaxe escrita e os seus diferentes soportes e outros símbolos presentes na contorna.
- Interese e gozo polos libros.
- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, contribuíndo a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Discriminación auditiva. Sons e silencio, entoación e ritmo.
- Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz, do corpo, dos obxectos e dos instrumentos.
- Nanas, cancións, arrolos e xogos de colo.
- Exploración dos materiais e útiles específicos e inespecíficos na creación plástica e

interese pola súa exploración e creación.

- Interese e creatividade na utilización do corpo como medio de expresión.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: comunicación, aprendizaxe e gozo. Fomentando o seu uso saudábel e crítico.

3.5.3.2.3 *Criterios de avaliación*

- Participar con interese en interaccións cotiás utilizando diferentes sistemas comunicativos. OBX1
- Identificar a xestualidade e as manifestacións corporais como unha forma de comunicación humana empregándoas de maneira intencional. OBX3
- Identificar a intencionalidade comunicativa das persoas construíndo novos significados. OBX2
- Manifestar necesidades, sentimentos e vivencias utilizando estratexias comunicativas e aproveitando as posibilidades que ofrecen as diferentes linguaxes con curiosidade e gozo. OBX3
- Producir mensaxes ampliando e enriquecendo o seu repertorio comunicativo con seguridade e confianza. OBX3
- Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas. OBX5
- Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas. OBX5
- Utilizar a linguaxe oral para expresar e compartir necesidades, sentimentos, desexos, emocións e vivencias, regulando as accións e interactuando en diferentes situacións e contextos. OBX3
- Expresar, a través da linguaxe oral, sensacións, sentimentos e emocións ante distintas representacións e manifestacións artísticas e culturais. OBX3
- Explorar as posibilidades expresivas da linguaxe oral. OBX3
- Participar activamente en actividades de aproximación á linguaxe escrita. OBX4
- Manifestar interese e gozo cara a actividades individuais ou colectivas relacionadas coa literatura, avanzando nunha actitude participativa. OBX4.
- Vincularse afectivamente coa lingua e coa cultura galega a través da participación en actividades de aproximación á literatura. OBX4
- Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso. OBX4
- Expresar sensacións, sentimentos e emocións a través da vivencia musical. OBX3
- Manifestar interese e gozo coas obras colectivas e culturais plásticas e visuais, avanzando nunha actitude participativa e respectuosa. OBX1
- Manifestar necesidades, sentimentos e vivencias utilizando estratexias comunicativas e aproveitando as posibilidades que ofrecen a linguaxe e a expresión corporal con curiosidade e gozo. OBX3
- Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais. OBX1

3.5.3.3. Área de Descubrimento e Exploración da Contorna

3.5.3.3.1 *Obxectivos*

OBX1. Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial e o manexo de ferramentas sinxelas para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo desenvolvendo as destrezas lóxico-matemáticas.

OBX2. Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten.

OBX3. Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sostible, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas.

OBX4. Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante.

3.5.3.3.2 *Contidos da Área de Descubrimento e Exploración da Contorna*

- Curiosidade, interese e exploración da contorna física e os seus elementos a través dos sentidos.
- Construción de nocións espaciais e temporais básicas en relación co propio corpo e cos obxectos.
- Proceso de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo e entre experiencias previas e novas; estruturas e interaccións de calidade coas persoas adultas, con iguais e coa contorna.
- Identificación das características de animais, plantas e elementos naturais e dos seus hábitats, mostrando empatía e respecto por eles.
- Identificación de grupos sociais de pertenza, establecendo relacións de confianza, afecto, colaboración, respecto e pertenza coas persoas da súa contorna persoal e social.
- Interese polas manifestacións culturais da contorna participando delas, recoñecemento dos rasgos propios do patrimonio e da cultura galega.
- Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero.

3.5.3.3.3 *Criterios de avaliación.*

- Observar a súa contorna recoñecendo e identificando as propiedades características e comportamentos dos obxectos para establecer comparacións. OBX1
- Identificar secuencias temporais relacionándoas coas rutinas e cos períodos de tempo habituais. OBX1
- Xestionar as dificultades, retos e problemas con interese e iniciativa, mediante a súa división en secuencias de actividades máis sinxelas. OBX2
- Proponer solucións alternativas a través de distintas estratexias escoitando e respectando as das demais persoas. OBX2
- Interesarse polas actividades en contacto coa natureza e polas características dos elementos naturais da contorna, descubrir as características dos animais e vexetais mostrando respecto cara a eles. OBX3
- Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza, valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal. OBX4
- Recoñecer diferentes modelos familiares mostrando respecto polas diferenzas. OBX4
- Recoñecer a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna.
- Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos máis significativos da contorna, valorando positivamente as súas funcións e a importancia social da súa actividade. OBX4
- Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna, gozando e valorándoas como sinais de identidade. OBX4
- Coñecer elementos identificativos do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes. OBX4

ARELA

4 ORGANIZACIÓN XERAL DA ESCOLA

4.1 HORARIO DA ESCOLA E A SÚA DISTRIBUCIÓN

A escola permanecerá aberta de luns a venres como mínimo dende as 8:00 ás 16:00, coa posibilidade de ampliar este horario dependendo da demanda que exista.

A xornada de aula, de carácter obrigatorio, será de 09:30 h. a 12:30 h. da mañá, neste horario os nenos/as permanecerán no mesmo grupo-clase e coa súa titora. Fóra deste horario os agrupamentos faranse en función do número de nenos/as desta idade que permaneza na escola, sempre cumprindo as ratios.

Este horario organizarase do seguinte xeito:

- **CHEGADA:** Comprende o horario desde a apertura da escola ata as 9:30. Os/as nenos/as iranse incorporando paulatinamente en función das necesidades dos seus pai/nais. Iranse reagrupando, tendo como criterio a idade e sen superar a ratio establecida. Programaremos diferentes tipos de actividades. Neste horario (ata as 9:00) ofrecerase o servizo de almorzo.
- **ACTIVIDADES DE AULA:** De 9:30 a 12:30. Nel desenvolveranse as actividades planificadas, seguindo unha dinámica de aula organizada: recibimento, asemblea, almorzo, psicomotricidade, inglés, experiencias sensoriais, descubrimentos,...
- **COMEDOR:** De 12:30 a 13:30. Os máis pequenos da escola (aulas 0-1 anos) comerán respectando o seus horarios e ritmos de alimentación. Fomentaremos a autonomía progresiva á hora xantar.
- **DORMITORIO:** De 13:30 a 16: Os nenos/as que necesiten despois de xantar un descanso irán ao dormitorio e alí descansarán nun lugar acondicionado para elo. Haberá persoal encargado de acompañar en todo momento a estes nenos/as.

4.2 HORARIOS ESPECIAIS DA ESCOLA

4.2.1- Período de Adaptación : Do que xa falamos anteriormente

Ver punto 3.3

4.2.2- Horario reducido

A escola permanecerá aberta nas vacacións de Nadal, Semana Santa e no mes de xullo en horario reducido, de 8:00 a 15:00. No mes de agosto a escola estará pechada.

4.3 ESPAZOS E AMBIENTE

Os criterios que utilizaremos en canto a organización de espazos e instalacións estarán baseados na normativa vixente : *Decreto 330/2009 do 4 de Xuño no que se establece o Currículo da Educación Infantil en Galicia e Decreto 329/2005 do 28 de xullo , polo que se regulan os Centros de Menores e Centros de Atención á Infancia.*

Un bo ambiente:

- Debe dar resposta aos diferentes tipos de necesidades dos nenos/as, as de tipo físico, mais tamén de tipo afectivo, de convivencia, de exploración, de autonomía, de actividade, de relación e as relacionadas coa intimidade.
- Debe posibilitar o coñecemento e achegamento de todos/as os nenos/as.
- Debe facilitar o contacto con materiais e actividades diversas que permitan abarcar un amplo abanico de aprendizaxes cognitivas, afectivas e sociais.
- Será diverso, ofreceremos distintos escenarios, xa sexan construídos ou naturais, dependendo das tarefas emprendidas e dos obxectivos perseguidos. O material será variado, adaptado as características do alumnado.

Un espazo e uns materiais ben organizados e presentados suaviza as transicións independentes dunha actividade a outra, permitindo os nenos/as traballar cun mínimo de interferencias e interrupcións.

Á hora de distribuír o espazo dentro da aula hai que ter en conta que debe ser un *lugar cálido e acoledor*, que reflicte os intereses e o xogo dos nenos/as. Cada espazo estará *claramente diferenciado*, facilitando ao alumno/a a elección do tipo de xogo que desexa nese momento.

A organización dos espazos da aula será a seguinte:

- Zona de movemento: será a zona máis ampla da aula polas características da idade que alberga. Esta zona conta con elementos móbiles para uso libre no espazo: pelotas, carros, arrastres,...
- Zona de aseo e mudas: disporá de colector hixiénico para cueiros, moble cambiador, caixas para gardar as cousas de cada neno/a; ademais contará cun WC á altura dos nenos/as e ouriñais.
- Zona de descanso: nas aulas de 0-1 existe un espazo de descanso separado da aula; nas aulas de 1-2 teñen unha zona de descanso para aqueles nenos/as que aínda dormen a media mañá.
- Zona de encontro: espazo destinado aos encontros de todo o grupo, como son as actividades de linguaxe e outras actividades colectivas. Contará con: panel de fotografías do grupo, recanto de contos, panel do tempo,...
- Resto da aula: estará estruturado por recantos destinados a xogos simbólicos ou de creación.

4.4 PERSOAL DA ESCOLA

O traballo docente é un traballo en equipo, aproveitando a diversidade, a creatividade e a potencialidade de todos/as respectando as diferencias para así dar coherencia á acción educativa, e poder adaptar deste xeito a práctica educativa ás características persoais, necesidades, intereses e ritmos dos nenos e das nenas.

Tal como se recolle no Capítulo IV, artigo 14 do ROFREIM, o cadro de persoal da Escola estará integrado polo persoal directivo, da aula, de apoio e o persoal de administración e servizos.

4.4.1 Director/a

Entendemos a figura de dirección como coordinadora de equipo de traballo e de enlace coas familias e institucións. Unha figura de coordinación pedagóxica con disposición para negociar, saber escoitar, empática, que valora a opinión dos outros, que é capaz de manter unha visión global do funcionamento da escola. (ROFREIM, no art. 9, punto 4).

4.4.2 Equipo educativo:

O persoal da escola infantil (mestres, educadores e en xeral todo o persoal educativo) enténdese como unha figura con coñecemento da infancia, con capacidade de adaptación ás necesidades dos nenos e capacidade de xestión e con principios éticos, sendo unha persoa paciente, que discrimina as prioridades, con grandes doses de creatividade e que goza do exercicio da súa profesión. Un profesional reflexivo, mediador, axente activo, innovador, que observa, canaliza, e que interpreta a práctica do seu quefacer diario de xeito crítico e comprometido coa mellora do seu facer profesional e social.

As funcións do equipo educativo veñen recollidas no ROFREIM, no art. 10, punto 4.

4.4.3 Persoal non docente

A figura do persoal non docente polo seu papel específico e polivalente é sempre importante na vida das escolas. As características propias do traballo do persoal non docente e a súa colaboración na dinámica escolar, fan que se estableza unha estreita relación con todos os axentes educativos.

5. OFERTA DE ACTIVIDADES E SERVIZOS

5.1 COMEDOR

O momento da comida na Escola Infantil implica un importante labor educativo, de interacción e tamén para desenvolver aspectos motrices ao usar os distintos utensilios. É importante tamén crear á hora da comida un clima relaxado e familiar, e serán tódalas persoas relacionadas con este servizo as encargadas de crealo e mantelo.

A organización deste espazo favorecerá unha relación dos educadores/as con cada neno/a e que este se atope a gusto compartindo e gozando deste momento. O labor do adulto no comedor será, principalmente, o de favorecer a autonomía dos nenos/as axudando a que sexan capaces de valerse por si mesmos incluso de levar a cabo tarefas de responsabilidade.

Os menús serán variados, sans e equilibrados e están elaborados por un especialista en dietética e nutrición. Contamos con dous menús: un de purés, para os máis pequenos/as e un de dieta sólida. Se algún neno/a da escola quere empregar o servizo de comedor pero por motivos de saúde ten que seguir una dieta especial terá que traer a súa comida da casa.

Non podemos esquecer as actividades de preparación para o momento de xantar, como son: lavar as mans, poñer o mandilón, coller cada un o seu pano de mesa... e as de despois de xantar, como son: recoller a súas cousas, lavar as mans e os dentes; o aseo e a hixiene son moi importantes á hora de comer e por elo favoreceremos no neno/a a creación destes hábitos.

As familias poderán coñecer a diario como comeron os seus fillos/as a través dos paneis de información das aulas.

5.2 HORAS COMPLEMENTARIAS

A oferta de horas complementarias queda pendente da demanda das familias, tal e como se recolle no ROFREIM, no art. 21, punto b). Parécenos importante que a escola permaneza aberta nun horario amplo como medida facilitadora da conciliación da vida familiar e laboral.

5.3 SAÍDAS

Ao longo do curso realizaranse diversas saídas relacionadas cos centros de interese que se estean a traballar nese momento. Estas saídas estarán reflectidas na Programación Anual.

Nas aulas de 0 a 1 ano realizarase unha saída á piscina, coincidindo co centro de interese "A auga". Será requisito imprescindible que cada neno/a vaia acompañado dun adulto.

Nas aulas de 1-2 anos, a saída será a Biblioteca do Forum, coincidindo co centro de interese "Os contos".

Nas aulas de 2-3 anos faremos varias saídas:

- Acuario Finisterrae, coincidindo co centro de interese "Os animais". Pediremos un acompañante adulto por cada dous nenos.
- Parque de bombeiros, coincidindo co centro de interese "Os medios de transporte".
- Biblioteca, coincidindo co centro de interese "Os contos". Pediremos un acompañante adulto por cada dous nenos.
- Museo de Belas Artes, que aproveitaremos para introducir a arte na aula en pequenas sesións semanais.
- Piscina, coincidindo co centro de interese "A auga". Será requisito indispensable que cada neno vaia acompañado dun adulto. Ademais das actividades na piscina realizarase unha xornada de convivencia coas familias, que neste curso se despiden da escola.

5.4 OUTRAS ACTIVIDADES

- Festas: Na escola celebraranse dúas festas de grande importancia: o Nadal e o Entroido. Nas dúas será importante a participación das familias, tanto na organización como a súa presenza nas mesmas. A festa de Entroido xirará en torno a unha temática que cada ano escollerá o Claustro de profesores a principio de curso. As familias participarán na elaboración dos disfraces e na posta en marcha dunha actuación o día da festa.
- A horta de Rita: Coa axuda de Rita, unha ra moi simpática, traballaremos a horta da escola. Parécenos importante participar no labor de educación ambiental que se pon en marcha ao desenvolver esta actividade.
- Participaremos nos programas municipais de CORUÑA EDUCA adaptados á idade dos nosos alumnos: Educación Viaria, Educación para o consumo, Educa Saúde,...
- Tamén estaremos pendentes da oferta cultural adaptada para 0-3 anos doutras institucións (concertos, teatro,...)
- Escola de pais/nais: Xuntanzas mensuais con aqueles pais/nais que queiran compartir as súas experiencias e inquiredanzas.
- Obradoiro de refugallo para pais e nais. Aproveitando a época de Nadal, convidaremos aos pais/nais a facer adornos de refugallo.

6. MODOS DE PARTICIPACIÓN E COLABORACIÓN ENTRE OS DIFERENTES SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

Partindo do noso concepto de escola aberta, consideramos importante que sexa un espazo no que todos os membros da comunidade educativa (nenos, familias, profesionais,...) poidan ter cabida. Os principais membros desta comunidade son o equipo educativo, as familias e o Concello.

6.1 PROFESIONAIS DA ESCOLA

O equipo do centro está formado por todo o persoal da escola (docente e non docente). A relación e interacción cotiá entre todos eles posibilita diálogos e experiencias que enriquecen o noso proxecto.

6.1.1 Equipo educativo

Este órgano colexiado, presidido polo director/a, é o propio de participación docente, con responsabilidade de planificar, coordinar, decidir sobre os aspectos educativos.

Actuará de forma coordinada seguindo as instrucións da Dirección.

Reunirase, cando menos, unha vez ao mes e sempre que o convoque a Dirección.

6.1.1.1 *Funcións do equipo educativo*

- Planificar, organizar e realizar a xestión educativa da escola.
- Participar na elaboración, modificación e avaliación dos diferentes documentos de xestión, seguindo as instrucións da Dirección.
- Aprobar e avaliar os aspectos educativos e organizativos destes documentos.
- Promover iniciativas no ámbito da innovación didáctica e na formación do persoal educador.
- Elixir os seus representantes no Consello Escolar.
- Analizar e avaliar a organización e o funcionamento xeral da escola e a evolución dos menores, así como os resultados da avaliación interna e externa en que participe esta.
- Atender e informar ás familias acerca de aspectos concretos da evolución dos seus fillos a través das titorías e outros canles de información.

6.1.2 Órganos de coordinación docente

Aínda que non está establecido no ROFREIM, dende este equipo educativo consideramos necesario para un bo funcionamento da Escola a existencia destes órganos de coordinación docente para mellorar a atención educativa dos nenos/as cos que estamos a traballar.

6.1.2.1 Equipos de niveis.

Esta escola imparte o ciclo 0-3 de Educación Infantil, e nós para realizar un traballo coordinado entre os titores de aula, estableceremos niveis dentro do Ciclo 0-3 da Etapa de Educación Infantil: nivel I: onde se agrupan as aulas de 0-1 ano; nivel II: as aulas de 1-2 anos e nivel III: as aulas de 2-3 anos.

Os equipos de nivel, que agruparán a tódolos mestres que imparten docencia nel, son os órganos básicos encargados de organizar e desenvolver as ensinanzas propias de cada un deles. Cada equipo de nivel contará cun coordinador.

6.1.2.1.1 Funcións dos equipos de nivel

- Formular propostas á Dirección e ao equipo educativo relativas á elaboración do PE e PA
- Formular propostas á comisión de coordinación pedagóxica relativas á elaboración dos proxectos curriculares de etapa ou a modificación deles.
- Manter actualizada a metodoloxía didáctica, seguindo as sinais de identidade.
- Elaborar a programación didáctica das ensinanzas que ten encomendadas, seguindo as directrices xerais establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica.

6.1.2.1.2 Programación didáctica dos equipos de nivel

A programación didáctica dos equipos de ciclo incluírá os seguintes aspectos:

- Os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación.
- A metodoloxía didáctica que se vai aplicar.
- Os procedementos de avaliación da aprendizaxe dos alumnos/as.
- Os materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.
- As actividades complementarias e extraescolares que se pretenden realizar dende o equipo de nivel.
- Medidas de atención á diversidade.

Os educadores/as programarán a súa actividade docente de acordo coas programacións didácticas do nivel ao que pertencen, incluídas no proxecto educativo. No caso de que algún profesor decidira incluír na programación da súa actividade algunha variación con respecto á programación conxunta do equipo, esta variación, e a xustificación correspondente, incluíranse na programación deste, sempre que así o acorde o equipo de nivel, ou en último caso, a comisión de coordinación pedagóxica.

6.1.2.2 Comisión de coordinación pedagóxica

Esta comisión estará integrada polo director como presidente e os coordinadores de nivel.

As funcións da comisión de coordinación pedagóxica son:

- Elevar propostas ao claustro co fin de establecer os criterios para a elaboración dos proxectos curriculares.
- Velar para que a elaboración dos proxectos curriculares de etapa e o plan de acción tutorial se realice conforme aos criterios establecidos polo claustro.
- Asegurar a coherencia entre o proxecto educativo de centro, os proxectos curriculares de etapa e a programación anual.
- Velar polo cumprimento e posterior avaliación dos proxectos curriculares para a súa aprobación.
- Canalizar as necesidades de formación de profesorado
-

6.2 CONCELLO

O Concello da Coruña, ademais de ser o titular da escola, forma parte da nosa comunidade educativa como membro do Consello Escolar, así como organizador e promotor de distintas actividades de eido educativo e cultural dirixidas tanto as escolas como as familias.

6.3 AS FAMILIAS

As familias forman parte da comunidade educativa nun marco de colaboración, traballo, aprendizaxe e formación conxunta. Estas aportan, dende a súa diversidade familiar,

cultural, social,... valores esenciais no proceso educativo. É por iso que a súa presenza habitual nas aulas é parte importante da nosa liña metodolóxica. Poderán vir á aula a contar contos, experiencias, explicarannos o seu oficio ou profesión, ensinarannos cousas ou simplemente xogarán con nós. Nestas experiencias teñen a oportunidade de ter outra visión do neno/a, e de descubrir novas formas de se relacionar con el/ela, de adquirir unha nova sensibilidade e un novo estilo de interacción, e manter un diálogo permanente coa comunidade escolar, e todo elo aportando, ademais, un interesante modelo de continuidade entre familia e a escola que, doutro xeito, podería resultar máis difícil de acadar.

As saídas do centro, as excursións, visitas, etc., serán un bo motivo de colaboración para as familias.

As distintas celebracións serán momentos especiais na vida educativa do centro; as festas servirán, así mesmo, para estreitar o contacto entre a escola e a familia.

Ademais de todos estes momentos de convivencia e relación máis estreita, estableceremos outras canles de información para as familias:

- Tutorías, nas que falaremos individualmente do seu neno ou nena. Estas serán de carácter voluntario.
- Paneis de información das rutinas diarias, nos que poderán consultar cada día comidas, sonos, cambios de cueiros,...
- Libreta de aula, na que os titores/as escribirán diariamente as actividades que se fixeron ese día na aula.
- Información telemática: de comunicación bidireccional que axilice a comunicación entre ambas partes.

De acordo co establecido no artigo 12 do *ROFREIM*, dende a escola promoverase a existencia das Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (ANPA). Trataremos de que haxa unha relación de colaboración entre a escola e a ANPA na realización das actividades propostas por ambas partes. As instalacións da escola estarán á disposición da ANPA para as súas xuntanzas e todo aquilo que precisen dentro do ámbito das súas funcións.

6.4 CONSELLO ESCOLAR

O Consello Escolar é o órgano colexiado onde conflúen os distintos sectores que integran a comunidade educativa: equipo educativo, familias e Concello. É a través deste órgano onde os diferentes membros da comunidade escolar poden participar de maneira activa e democrática na organización e funcionamento do centro.

As funcións e regulamento do Consello Escolar serán as reflectidas no art. 11 do *ROFREIM*

7. FORMAS DE COLABORACIÓN CON OUTRAS ESCOLAS DA REDE E OUTRAS ENTIDADES PÚBLICAS E PRIVADA.

7.1 ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS

A Escola Infantil Municipal Arela parte da Rede de Escolas Infantís Municipais do Concello da Coruña (REIM), xunto ás nove escolas que a constitúen actualmente.

As escolas da REIM prestan un servizo público de dobre natureza: educativa e asistencial, co obxectivo de proporcionar unha educación de calidade á vez que unha axuda para a conciliación da vida familiar e laboral.

As escolas da REIM están presentes en distintas zonas da cidade e cada unha delas conta cun proxecto educativo propio. Varios premios educativos a nivel nacional avalan a calidade das escolas infantís municipais do Concello da Coruña. Dada esta variedade de propostas educativas as familias teñen a posibilidade de escoller a que sexa máis acorde coas expectativas que teñen para os seus fillos.

Como profesionais do ensino consideramos importantes as aportacións que podemos ofrecer unhas escolas a outras grazas ós diferentes proxectos cos que contamos cada unha.

Algunhas das medidas de colaboración previstas cos outros centros da REIM son as seguintes:

- Xuntanzas periódicas das direccións das escolas para marcar obxectivos comúns a nivel educativo e administrativo.
- Xuntanzas dos equipos educativos, incluíndo visitas ás instalacións das escolas, para a posta en común de experiencias educativas.
- Realización de cursos de formación, tanto de forma conxunta, como ofertándolle ao persoal das demais escolas a posibilidade de asistir aos mesmos cando sexan organizados na nosa escola e queden prazas vacantes.
- Intercambio de información sobre todos aqueles ámbitos da nosa actividade que nos parecen interesantes: proxectos, cursos de formación, blogs ou páxinas web sobre infancia e ensino, profesionais como contacontos, músicos,...

7.2 OUTRAS ENTIDADES

Un aspecto fundamental dentro do noso labor educativo é o contacto con outros profesionais, tanto do ámbito educativo, sanitario ou outros, co obxectivo de intercambiar información de cara á consecución duns obxectivos comúns.

A Unidade de Atención Temperá do Hospital Materno Infantil Teresa Herrera será unha das entidades coas que colaboraremos mantendo unha comunicación periódica cos diferentes profesionais que poden traballar con alumnos/as escolarizados no noso centro: médicos, fisioterapeutas, rehabilitadores, psicólogos,... Estaremos tamén en contacto con profesionais do ámbito privado cando sexa o caso.

A colaboración cos Servizos Sociais do Concello da Coruña e tódolos seus programas (Menores, Muller, Inmigrantes,...) será imprescindible tanto en casos de alumnos con NEAE derivadas de situacións de risco social, como á hora de asesorar ás familias sobre axudas e subvencións das que poidan ser beneficiarias.

Colaboraremos na Formación en Centros de Traballo dos Ciclos Formativos ofertando prazas para que o alumnado realice as súas prácticas de traballo, así como no caso de alumnos da Universidade da Coruña. Así mesmo estaremos dispostos a aportar a nosa experiencia no eido educativo a quen o solicite para charlas, ciclos de conferencias, congresos,...

Non podemos esquecer a importancia da relación da escola co seu entorno máis próximo, polo que manteremos unha estreita colaboración coas asociacións veciñais e culturais do barrio.

Para finalizar parécenos importante colaborar con ONGs principalmente nas campañas de recollida de roupa, xoguetes ou alimentos.

8 PROXECTO LINGÜÍSTICO DA ESCOLA

O ROFREIM xunto co Marco común Europeo de Referencia as Linguas e Orde 25 de Xuño de 2009, pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, serán as normas reguladoras do Proxecto Lingüístico.

Os estudos realizados sobre a adquisición de varias linguas de forma temperá afirman que isto está dentro das posibilidades cognitivas de calquera neno/a. Desde a escola favoreceremos a creación dun ambiente favorable ao uso das dúas linguas oficiais de Galicia e un achegamento á lingua inglesa.

Os traballadores da escola, a nivel lingüístico son maioritariamente castelán falantes, se ben todos son competentes en Lingua Galega, xa que a maioría presentan a certificación do CELGA 4, segundo o Marco Europeo das Linguas.

Tanto na aula cos nenos/as como coas familias, empregan o galego como lingua vehicular.

8.1 OBXECTIVOS E LIÑAS XERAIS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Os obxectivos e liñas de actuación xerais están recollidos en distintos ámbitos: o profesorado (1), o alumnado (2), da escola e contorna (3), e na dinamización da lingua (4). Entre os principais, temos:

1. Utilizar o galego entre os docentes e nas relacións escolares en xeral.
2. Aumentar progresivamente o uso do galego
2. Empregar unha metodoloxía activa e motivadora.
3. Diseñar e levar a cabo campañas de sensibilización ante o uso do galego diversificada para os membros da comunidade educativa.
3. Ter a disposición da comunidade educativa obras sobre o bilingüismo e as súas vantaxes.
4. Potenciar a valoración positiva do uso do galego en todos os ámbitos da actividade educativa.

8.2 ACTIVIDADES TIPO PARA A INTRODUCCIÓN DA LINGUA GALEGA

O galego, será introducido paulatinamente durante o principio de curso, de acordo cos principios básicos do ROFREIM con actividades tipo como as que se relacionan a continuación:

- Xogos interactivos: Os xogos tradicionais este queixo, queixelán; este comeu un ovo..., etc, nos que se combinan as rimas e os acenos e o neno/a ten que respostar, son moi bos para fomentar a comunicación.
- Debuxos e fotos: Ver e comentar cos nenos/as, debuxos e fotos de obxectos cotiáns serve para ampliar o seu vocabulario na lingua galega. Ademais do debuxo, tamén podemos mostrarlles o obxecto real, para que a asociación entre a palabra e o obxecto que representa sexa máis potente. Tamén se poden utilizar fotos de familia para que os nenos/as identifiquen e recoñezan os termos da familia en lingua galega: a mamá, o papá ou os avós.
- Contos: Utilizar contos adaptados á idade do neno/a. As actividades que se poden desenvolver ao redor dun conto son moi variadas: poden manexalos eles mesmos, escoitar como llos contamos, ou podémoslle preguntar onde está un obxecto concreto nas ilustracións (utilizamos o material da biblioteca).
- Cancións e retrosos: Aos pequenos encántalles escoitar cancións e retrosos sinxelos que teñan un ritmo ben marcado. Aproveitando este interese, é máis doado que comecen a dicir a sílaba final dunha palabra, a facer os xestos que correspondan e a repetir partes da canción. Esta actividade ampliará o vocabulario en galego.
- Para desenvolver a linguaxe oral, é fundamental que o neno faga exercicios de articulación e pronunciación. Usaremos xogos mediante ordes sinxelas e divertidas, para que os nenos exerciten toda a musculatura que inflúe na fala
- Monicreques e marionetas: As actividades de contacontos son moi interesantes como forma de comunicación, tanto polo interese que espertan como polo desexo de contestarlles. Outra forma de introducir o galego é organizar xogos de disfraces e de dramatizacións. Con iso pretendemos contribuír á mellora da competencia lingüística nas linguas oficiais da comunidade, fomentando a participación, respectando a diversidade de respostas e ofrecendo un clima no que se anime escoitar e conversar.

8.3 DOMINIO DAS DÚAS LINGUAS OFICIAIS

O presente apartado abrangue aquelas medidas de carácter organizativo e curricular que sexa preciso desenvolver no caso de alumnos/as que presenten un déficit lingüístico ou

insuficiente dominio das linguas dentro das características da súa etapa evolutiva e de desenvolvemento.

O primeiro paso na detección de necesidades é o/a mestre/a titor/a, que a partir da avaliación inicial e continua, identificará as necesidades existentes e aplicará as medidas preventivas e de axuste ordinario ao seu alcance. Cando a valoración de necesidades desborde as posibilidades do/a titor/a, este recorrerá aos servizos de saúde correspondente.

8.4 ACTUACIÓNS DINAMIZADORAS

1. Proporcionarlle ao profesorado información sobre materiais didácticos, lingüísticos e pedagóxicos existentes, prestando atención aos materiais relacionados coas TICs.
2. Realización de visitas culturais e educativas para participar en actividades organizadas desde a Escola, o Concello ou outros organismos.
3. Crear espazos para a exposición de materiais que se vaian facendo nas diferentes aulas.
4. Relación cos EDLG das outras escolas para realizar actividades conxuntas e intercambiar experiencias.
5. Realización, a ser posible, de dramatizacións, contacontos, concertos,... en galego.
6. Desenvolvemento de actividades en torno ás festividades típicas galegas: magosto e entroido, samaín,...
- 7.

8.5 A LINGUA ESTRANXEIRA

Tal e como se recolle no noso Proxecto Educativo, e seguindo a lexislación anteriormente nomeada, o ensino na escola terá un carácter plurilingüe.

8.5.1 Principios metodolóxicos

“Las imágenes convierten a los alumnos en espectadores. Cuando presentamos un cuento sin imágenes los niños se convierten en protagonistas y participan”.

Con esta frase tomada por Josep María Artigal pódese explicar, en termos xerais, a proposta iniciada por el e que será tomada como referencia no proxecto de aproximación á lingua inglesa na escola.

8.5.2 Obxectivos xerais

1. Recoñecer a lingua inglesa: aspectos sonoros, entoación e ritmo.
2. Producir oralmente textos rítmicos/musicais breves en inglés: contos, cancións e rimas.
3. Respostar a ordes sinxelas dentro do contexto da aula: “Silence, please”, “sit down”, “Stand up”, “come here”...
4. Amosar interese por comprender o idioma e facerse entender facendo uso de recursos verbais ao seu alcance e recursos non verbais.

8.5.3 Contidos

1. Uso de contos, xogos e cancións inglesas para desenvolver destrezas comunicativas fomentando pracer e seguridade na aprendizaxe do inglés.
2. Fomento de actitudes positivas cara ao inglés.
3. Expresión de sentimentos propios (happy, angry, sad) con xogos e cancións.
4. Expresión de accións e movementos co corpo (clap/roll/shake your hands, rub your tummy, stamp your feet, sit down, jump...).
5. Aceptación de normas elementais de relación e convivencia (hello, how are you today?, please, thank you, bye bye...).
6. Utilización e fomento do inglés como medio de comunicación, aprendizaxe de novos contidos e expresión das súas vivencias e sentimentos.

8.5.4 Actividades

1. Rutinas diarias:
 - Canción saúdo á educadora e á Piggy (marioneta de inglés).

- Vemos que non veu á escola hoxe: “who is missing today?”.
 - Tempo meteorolóxico: it’s sunny...
 - Rutina de accións físicas: clap your hands, rub your tummy...
 - Comida que tomaremos hoxe á hora de xantar.
 - Canción de despedida.
2. Xogos con tarxetas de cores para buscar e atopar pola aula.
 3. Xogos con tarxetas para expresar como se senten coas opcións de “happy”, “angry” e “sad”. De facer parellas, “give me...” (para que de a tarxeta que se lle pide).
 4. Xogos de recoñecemento de vocabulario, de resposta física ou coa pelota.

8.5.5 Organización da actividade e inclusión no PE

No noso centro educativo, a aproximación á lingua inglesa será realizada por unha mestra/e Grao de Filoloxía Inglesa ou coa titulación equivalente segundo o Marco Común Europeo de Referencia das Linguas: nivel C1.

A actividade levarase a cabo en sesións de diferente duración dependendo da idade dos nenos/as.

As aulas de 1-2 e 2-3 anos comezarán coa actividade de inglés una vez rematado o período de adaptación.

As aulas de 0-1 anos comezarán en xaneiro debido ás características evolutivas desta idade.

8.6 CRITERIOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROXECTO

Ao longo de cada curso escolar, ao rematar cada trimestre, farase un seguimento do Proxecto Lingüístico do Centro, para comprobar as deficiencias detectadas e promover as melloras que procedan.

No mes de xuño, na memoria anual, recollerase a avaliación do proxecto que se efectuará tendo en conta os seguintes criterios:

1. Consecución dos obxectivos propostos.
2. Análise das actuacións dinamizadoras levadas a cabo.
3. Valoración do grao de implicación dos membros da Comunidade Educativa.
4. Análise dos materiais e recursos empregados.
5. Progreso do alumnado na adquisición de competencias lingüísticas tendo en conta as propostas realizadas.
6. Valoración da incidencia do proxecto na Comunidade Educativa.
7. Avaliación dos resultados das actividades levadas a cabo: consecución do obxectivo, participación, interese,...

9 PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

O Plan Xeral de Atención á Diversidade é o documento no que se articula a atención á diversidade á que se refire o artigo 121.2 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Neste plan concretaranse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro educativo diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado.

9.1 XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO E IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.

As dificultades do alumnado poden ser debidas a diferentes factores e causas, e pensamos que é preciso realizar unha detección temperá para poder buscar a medida educativa máis axeitada o máis axiña posible. Dende que un alumno/a inicia a súa escolarización é posible detectar dificultades ou necesidades de apoio, debemos estar alerta, e en caso de consideralo necesario derivar ás familias aos profesionais axeitados, que serán os encargados de realizar as probas necesarias para que esa detección se faga efectiva.

9.2 DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS.

Pretendemos proporcionar ao alumnado en xeral unha resposta educativa axeitada e de calidade que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal e social. Para elo, propoñémonos:

- Educar na tolerancia e no respecto polas diferenzas.
- Establecer criterios pedagóxicos que orienten na adopción de decisións respecto do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Promover un modelo educativo centrado nas axudas que necesitan os alumnos e alumnas para progresar na súa aprendizaxe, e non nas súas dificultades.
- Procurar a inclusión educativa e social de todos os alumnos e alumnas do centro, especialmente dos que posúen necesidades específicas de apoio educativo, mediante contextos que permitan o mellor desenvolvemento posible das súas capacidades.
- Diseñar un uso axeitado dos recursos existentes no centro.
- Establecer pautas de coordinación entre todos os profesionais implicados no proceso de ensino-aprendizaxe dos alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo.

9.3 DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

9.3.1 Actuacións:

9.3.1.1 *Da administración educativa*

- Garantir unha adecuada escolarización do neno/a con NEAE na planificación da oferta de prazas escolares nos centros públicos.
- Realizar a dotación dos recursos necesarios para ofrecer unha educación equitativa e de calidade, dentro dos principios inclusivos e de individualización da intervención educativa.
- Adecuar a Escola ás disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade universal.
- Impulsar a formación de todo o profesorado na atención ao alumnado con NEAE.

9.3.1.2 *Do centro*

A Escola, no exercicio da súa autonomía e singularidade, debe establecer as actuacións que levará a cabo para adecuar a resposta educativa á diversidade. Contemplamos as seguintes actuacións:

- Na distribución das aulas para cada grupo terase en conta a presenza de alumnado con posibles dificultades derivadas de NEE (discapacidade visual, motora, etc.) que puidesen necesitar determinadas condicións espaciais, de iluminación, cercanía ás saídas, mobiliario adaptado, recursos técnicos, ubicación na planta baixa, etc.
- A organización dos horarios terá en conta ao alumnado que recibe asistencia médica externa (Hospital Materno Infantil, Equipo de Atención Temperá, etc.)
- Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación, así como o intercambio de experiencias na atención á diversidade.

9.4 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

9.4.1 Medidas ordinarias

Son todas aquelas medidas que facilitan a adecuación do currículo ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características de todo o alumnado, sen alteración significativa dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación.

Contemplamos as seguintes medidas ordinarias:

- Adecuar a programación de aula á diversidade.
- A resposta á diversidade non consiste en adoptar medidas dirixidas a uns poucos alumnos/as, se non en contemplar e reflectir as distintas capacidades, motivacións, intereses, estilos e ritmos de aprendizaxe nas programacións didácticas.

Exemplos e suxestións das medidas que se poden adoptar en canto ás programacións:

- Adecuación dos obxectivos e contidos. Concretar e priorizar os obxectivos e contidos expresados para o curso e o ciclo sinalando os mínimos en cada unidade didáctica (U.D.)
- Adecuación das actividades de ensinanza-aprendizaxe (DUA). Diseñar actividades que teñan diferentes graos de realización e dificultade.
- Adecuación dos criterios metodolóxicos e métodos pedagóxicos.
- Distribución heteroxénea do alumnado (aplicando criterios aprobados para a formación de grupos, ...). Adecuación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación
- Introducir a avaliación no contexto de aula (avaliación continua, valorar o traballo diario, os intereses, participación ...)
- Adecuación da aula: Distribución do mobiliario na aula para mellorar a accesibilidade e a optimización da ubicación dos distintos recursos (mobiliario axeitado, axudas técnicas...).

Non se trata de ofrecer un tratamento especializado de intervención terapéutica, se non de axudar ao profesorado do grupo para intervir máis eficazmente co alumnado dentro do contexto da aula ordinaria. Danse tres liñas de actuación:

- Apoio ao educador/a
- Apoio a todos os alumnos/as da aula
- Apoio dirixido a un ou varios alumnos/as en concreto.

9.4.2 Medidas extraordinarias

Son aquelas medidas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas extraordinarias aplicaranse unha vez esgotadas as medidas ordinarias ou por resultaren estas insuficientes.

Contemplamos as seguintes medidas extraordinarias:

- Adaptacións curriculares. Tanto para o alumnado con condicións de altas capacidades como aqueloutro con dificultades. Precisan a autorización da Inspección Educativa e o seu deseño e desenvolvemento é responsabilidade do titor/a e de calquera outro profesional que participe na atención do alumno/a.
- Adaptacións dos elementos de acceso ao currículo (axudas técnicas, adaptacións específicas de mobiliario...).
- Flexibilización do período de escolarización. Debe ser autorizada pola Consellería segundo a lexislación vixente.
- Agrupamentos flexibles: Terán carácter temporal e deberán contar coa correspondente autorización.
- Programas ou grupos de adquisición de linguas e/ ou de adaptación de competencia curricular. Están pensadas para atender ao alumnado procedente do estranxeiro que presente descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia e/ou desfase curricular significativo.

9.5. PROGRAMAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Poderán deseñarse e/ ou poñerse en práctica os programas que se consideren máis adaptados ás características do centro e do seu alumnado. Estes programas serán incluídos na PXA.

9.6. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.

9.6.1. En canto aos recursos

A atención á diversidade, en especial ao alumnado con NEE deberá contar cunha dotación adecuada de material e de profesorado especialista. En consecuencia, cando se trata do

alumnado con discapacidade os informes psicopedagóxicos deben indicar que tipo de material específico,...

9.6.2. En canto ás infraestructuras

A escolarización de alumnos e alumnas con NEE requirira que a escola adecúe os seus servizos ás necesidades que presentan. As circunstancias específicas destes nenos e nenas no que respecta ás posibilidades de acceso a todos os servizos do centro escolar, etc. deben quedar claramente determinadas nos informes de escolarización e/ou atención elaborados polo profesionais da saúde e os expertos externos á Escola.

9.6.3. En canto a aplicación das medidas

9.6.3.1 *Medidas ordinarias*

- Adecuar a programación de aula
- Apoio do profesorado

9.6.3.2 *Medidas extraordinarias.*

Cando a aplicación de medidas ordinarias non sexa suficiente para atender as dificultades que presenta unha alumna/o ou grupo de alumnos, o titor /a demandará a valoración dese alumno/a, acompañando esa petición escrita co informe do reforzo educativo levado a cabo na aula ordinaria por parte do profesor titor e/ou especialistas coa avaliación do funcionamento das mesmas, para que as familias o soliciten no servizo de saúde correspondente.

- Adaptacións curriculares: A pertinencia da adaptación curricular e os elementos do currículo aos que vai afectar será decidida unha vez efectuada a avaliación psicopedagóxica, nunha reunión coordinada pola dirección á que asistirá o titor/a, os profesores de apoio e os profesionais externos que tratan ao alumno/sa. O seu desenvolvemento levarase a cabo, agás casos excepcionais, no contexto educativo ordinario (grupo de alumnos/as de referencia). Revisaranse periodicamente conforme ao establecido na propia planificación da AC e polo menos unha vez ao remate do curso.

- Flexibilización do período de escolarización. Nos supostos establecidos na normativa.

- Agrupamentos flexibles .Sempre que o ROFREIM o permita e aplicaranse conforme ao establecido nas normas vixentes para estes casos.

- Apoio do profesorado. Esta medida aplícase cando a os servizos de saúde e terapéuticos externos, na súa valoración e informe, ante unha demanda, estima necesaria esta intervención dos apoios. Neste caso, elaborará unha proposta escrita especificando polo menos: número de sesións, aspectos a traballar no apoio e orientacións para levalo a cabo. A dirección reunirá a todos os profesionais implicados para concretar de forma conxunta e coordinada as actuacións que se van levar a cabo. Nesta reunión tamén se establecerá como e con que periodicidade se vai realizar o seguimento de cada caso. Para establecer o horario de atención do alumnado polo profesorado de apoio se o houbese:

- En primeiro lugar, atenderase ao alumnado que presente NEE.

- En segundo lugar, a outro alumnado NEAE co seguinte orde de prioridade:

- alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe
- alumnado procedente do estranxeiro.
- dificultades por condicións persoais.
- problemas de comunicación e linguaxe.
- e por último, as dificultades relacionadas coa fala. Neste caso, atenderanse primeiro aos alumnos/as de máis idade.

Na organización dos horarios dos apoios establecerase unha hora semanal para a reunión destes especialistas coa Dirección que levará a cabo o seguimento dos apoios. A atención destes apoios será, por norma xeral, dentro da aula ordinaria, buscando sempre un apoio de calidade antes que de cantidade. Cando sexa precisa a atención fóra da aula ordinaria, buscarase a coincidencia do reforzo co horario do grupo.

Ao finalizar o curso, cada un dos apoios redactará un informe escrito de cada un dos

alumnos/as atendidos, que será arquivado na carpeta do alumno/a.

9.7. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA A ESCOLA.

9.7.1. Do equipo directivo

- Responsabilizarse do cumprimento das actuacións establecidas a nivel da Escola.
- Designar ao educador/a para os apoios e os grupos susceptibles de recibir este apoio
- Organizar os desdobres de grupos, se os houbese.
- Coordinar as reunións para decidir, si se fai ou non, a elaboración de AC.
- Autorizar as medidas extraordinarias que sexan da súa competencia.

9.7.2. Do profesorado titor e de apoio

- Poñer en práctica as actuacións recollidas no Plan de Acción Titorial.
- Adecuar a programación de aula á diversidade
- Participar na elaboración e aplicación doutras medidas de atención á diversidade (ordinarias e/ou extraordinarias) conforme ao estipulado para cada unha.
- Comunicarse coas familias .
- Coordinarse co equipo de profesores/as que interveñen no seu grupo.
- Coordinarse cos servizos de saúde ou profesionais externos dos alumnos/as.
- Participar nas sesións de avaliación valorando o progreso do grupo e de cada alumno/a, así como das medidas aplicadas ou da necesidade de aplicar outras.

9.8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTROS NIVEIS EDUCATIVOS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN

Realizamos tamén as seguintes coordinacións:

- Para os casos de alumnado con necesidades educativas especiais xa escolarizados no centro e que cambien de ciclo/e ou titor/a, con anterioridade ao inicio das clases, farase unha reunión para planificar os recursos materiais e humanos que van ser necesarios para atendelos: transmitindo información, facilitando formación sobre as discapacidades ou problemas do alumnado, coordinando actuacións e facendo o seguimento.
- Farase unha ao inicio do apoio, para concretar o plan de traballo e posteriormente, coa periodicidade que se estime oportuna nesta reunión inicial, para realizar o seguimento de cada caso.
- Sesións trimestrais de avaliación en todos os niveis coordinadas polos titores/as, así como a sesión de avaliación inicial nos cursos nos que haxa cambio de titor/a.
- Reunións co ceips, aos que se van a incorporar os alumnos/as para intercambios de información, sempre que se nos solicite.

9.9. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

É moi importante que as nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado compartan o esforzo educativo e que se impliquen en todas aquelas medidas destinadas ao desenvolvemento integral dos nenos e nenas.

Para conseguir este obxectivo lévanse a cabo unha serie de actuacións recollidas en distintos documentos do centro (PE, PXA, etc.) que poden resumirse en:

- Posibilidade de utilización das instalacións do centro pola ANPA, para actividades que non teñan fin de lucro, nin sexan discriminatorias. Deben obter previamente a autorización da dirección do centro.
- Reunión para explicarlles como é o período de adaptación.
- Reunións de tutoría ao inicio do curso escolar, con todos os pais e nais.
- Horario de atención individual ás familias, por parte do profesorado, previa cita.

Incluimos tamén aquí, os contactos que se poden establecer con profesionais particulares que estean atendendo ao noso alumnado.

Tamén mantemos colaboración con outros servizos externos ao centro, como son:

- Concello, valorando proposta de actividades extraescolares que ofertan e divulgándoas na comunidade escolar.
- Centro Municipal de Servizos Sociais, sendo a dirección a encargada de realizar e coordinar posibles colaboracións.
- Outros servizos que actúan sobre o alumnado do centro (Hospital Materno Infantil, Aspace, Aspanaes, etc.) cos que colaboraremos.

9.10. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

Para solicitar esta intervención é preciso presentar, perante a Dirección da Escola Se fose preciso realizar unha avaliación psicopedagóxica, comunicarse ás familias para que procedan á demanda aos servizos de saúde correspondente.

9.11. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

A avaliación deste plan realizarase ao final de cada curso por parte do Equipo Educativo, nunha memoria que recollerá a implementación do plan e as modificacións introducidas. Ao mesmo tempo establecerá as propostas de mellora que se consideren oportunas para o curso seguinte.

Para a realización desta memoria teranse en consideración:

- Datos dos diferentes niveis, aportados polos/as coordinadores/as.
- Datos aportados polos titores/as e educadores/as responsables dos reforzos ou apoios.
- Datos aportados polo equipo directivo.
- A recollida destes datos efectuarase en modelos aportados ou elaborados pola propia Escola (cuestionarios, enquisas, etc.) ou noutros formatos.

10 PROXECTO DE FOMENTO DA IGUALDADE ENTRE NENAS E NENOS

Educación significa promover o desenvolvemento integral das persoas, polo que é necesario favorecer este valor entre alumnado para superar as limitacións impostas polo xénero a través dun traballo sistemático da Comunidade Educativa.

Para acadar unha ensinanza realmente igualitaria, é preciso introducir no currículo escolar e nas relacións na aula un conxunto de saberes que promovan a igualdade. Desde a Escola Infantil educamos en igualdade, ensinando aos máis pequenas/os, que independentemente do seu xénero, merecemos a mesma dignidade e respecto.

A nena/o ao nacer é un ser indiferenciado, será a interacción co medio, mediante a cal, adquire a súa identidade persoal.

O primeiro factor que inflúe sería a familia (antes de nacer a familia pon en funcionamento una serie de estereotipos ligados ao sexo), as nais e pais en función do sexo relaciónanse con elas/es dun xeito u outro. Por iso, a intervención educativa debe ir orientada non só ao alumnado senón tamén a o seu entorno inmediato, a familia.

Traballar a igualdade desde a escola pode axudar a eliminar os estereotipos relacionados co xénero e, por conseguinte, a prever situacións de discriminación sexista no futuro.

Desde a Escola Infantil, temos o labor de fomentar un pensamento consciente polo respecto á diversidade e a empatía.

10.1 PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN

O proceso para levar a cabo un Plan de Igualdade consta de tres principios de actuación:

- **Visibilidade:** O Plan de Igualdade entre mulleres e homes farase presente aos diferentes ámbitos da comunidade educativa, a través da linguaxe escrita e oral, utilizando comunicados a través dos diferentes medios do Centro, por medio do cal

iranse incluíndo as diferentes actividades, documentación, recursos, enlaces, de uso para todos/as.

- **Transversalidade:** O enfoque transversal supón a inclusión da perspectiva de xénero na elaboración, desenvolvemento e seguimento de todas as actuacións da Escola. Revisaranse libros e materiais didácticos por se houbera que modificalos. Será o equipo educativo o que aprobe e desenvolva cada unha das actuacións contempladas no Plan de Igualdade.
- **Inclusión:** As medidas e actuacións diríxense ao conxunto da Comunidade Educativa, é competencia do Equipo Docente e das familias do alumnado participar e colaborar no desenvolvemento dos obxectivos plantexados no Plan de Igualdade. Por este motivo, as diferentes actuacións irán dirixidas aos tres ámbitos.

10.2 OBXECTIVOS E MEDIDAS

Este Plan de Igualdade propónse os seguintes obxectivos de carácter xeral, implícitos na proposta de programación para o ciclo de Educación Infantil (0 a 3 anos).

10.2.1.- Obxectivos xerais:

1. *Desenvolver prácticas educativas que identifiquen os estereotipos sexistas existentes na sociedade e que promovan a súa eliminación, de forma que favorezan en nenas/os un desenvolvemento persoal satisfactorio e una convivencia pacífica e igualitaria con valores encamiñados á igualdade de oportunidades entre ambos sexos e que se traslade ao resto da sociedade.*

Medidas

- Integrar e transversalizar a perspectiva de xénero no Proxecto Educativo e nos Proxectos que o integran.
 - Recoñecemento, impulso e intercambio de boas prácticas igualitarias.
2. *Realizar accións de sensibilización, formación e implicación da Comunidade Educativa en materia de igualdade e prevención da violencia de xénero.*

Medidas

- Visibilizar elementos de desigualdade de xénero na Comunidade Educativa, a súa evolución na Escola, así como deseñar as intervencións que os corrixan.
- Impulsar e favorecer a práctica escolar inclusiva e equitativa, mediante a utilización dunha linguaxe no sexista nas súas expresións visuais, orais, e en contornas dixitais.
- Impulsar actuacións para a sensibilización e a formación en materia de igualdade, e prevención de violencia de xénero para o entorno.

10.3 OBXETIVOS DO PLAN DE IGUALDADE NA NOSA ESCOLA.

Este plan propón os seguintes obxectivos, que están implícitos na Proposta de Programación para o Ciclo de Educación Infantil (0 a 3 anos):

1. Favorecer a práctica igualitaria na Escola na medida do posible e que se faga extensiva ás familias e o resto da comunidade.
2. Iniciar ao noso alumnado en valores encamiñados á igualdade de oportunidades entre nenos e nenas.
3. Facilitar a conciliación laboral, familiar e persoal das nais e pais.

10.3.1. Concreción de obxectivos:

1. Detectar as actitudes sexistas que aínda prevalecen na escola e modificaras.
2. Introducir na escola conceptos, procedementos e actitudes relativas á igualdade de oportunidades, á conciliación da vida familiar, persoal e laboral.
3. Desmitificar as tarefas femininas e/ou masculinas.
4. Revisar e ampliar todo o material en materia de igualdade.
5. Sensibilizar ás familias sobre a importancia da igualdade entre nenas/as.
6. Ensinar ao alumnado a compartir tarefas dentro das súas posibilidades.

7. Empregar o xogo como base da ensinanza en equidade, fomentar os xogos inclusivos, nos que o rol feminino ou masculino no interveña.
8. Ofrecer patróns de conducta exemplares. As nenas/os comezan a desenvolver a súa personalidade a través da repetición e tomando como exemplo ás persoas que lle rodean.
9. Sensibilizar ao equipo docente e non docente da necesidade de realizar cambios que permitan a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
10. Previr os conflitos desde as idades máis temperás.
11. Axudar e ensinar á resolución de conflitos de xeito positivo.
12. Educar na empatía.
13. Revisar os contos por se no son axeitados respecto á igualdade.
14. Consolidar unha linguaxe escrita igualitaria en todos os documentos do centro: circulares, cartas, comunicados,...
15. Facer visible elementos de desigualdade de xénero na comunidade educativa, a súa evolución na Escola, así como deseñar as intervencións que os corrixa.

10.4 MEDIDAS A LEVAR A CABO EN BASE ÁS COMPETENCIAS CLAVE

Na LOMLOE e no Real Decreto 95/2022, do 1 de Febreiro, polo que se establece a Ordenación e as ensinanzas mínimas de Educación Infantil marcan a necesidade de desenvolver no noso alumnado competencias clave, por iso serán un elemento imprescindible dentro do noso Proxecto de Igualdade para acadar os nosos obxectivos en igualdade.

10.4.1 Acciones previstas na comunidade educativa.

10.4.1.1 Alumnado:

- Mostrar ao alumnado a posibilidade de poder xogar a todos os xogos e con todos os xoguetes, así como a de poder desenvolver todos os roles sociais que existen de forma igualitaria.
- Fomentar o uso igualitario dos espazos.
- Confeccionar actividades que leven ao alumnado a valorar positivamente: o desenvolvemento de tarefas de forma igualitaria e o desenvolvemento de todas as profesións de forma igualitaria, independentemente do sexo, así como a súa contribución á sociedade.

10.4.1.2 Persoal docente:

- Recibir formación na perspectiva de xénero.
- Reflexionar sobre a linguaxe sexista.
- Utilizar unha linguaxe non sexista en notas, circulares, convocatorias... dirixidas a nais e pais.

10.4.1.3 Nais e pais:

- Reflexionar sobre a linguaxe sexista.
- Colaborar na adquisición do hábito de organizar as tarefas domésticas en igualdade.
- Desenvolver actividades igualitarias nas que se implique á familia na medida das súas posibilidades.
- Utilizar unha linguaxe non sexista en notas, carteis, convocatorias...da ANPA.

10.4.1.4 Persoal non docente:

- Reflexionar sobre el linguaxe sexista.
- Utilizar unha linguaxe non sexista en notas, informacións...

10.5 METODOLOXÍA

Desde a Escola, séguense unhas premisas que pasan por estar encamiñadas á non discriminación entre xogos de nenas e nenos, a non diferenciación de funcións ou cores. Creamos actuacións ou estratexias específicas para traballar en igualdade dentro da aula.

A metodoloxía é totalmente igualitaria. O xogo é o medio principal de aprendizaxe e de socialización, debendo participar en **todas as** actividades tanto nenas como nenos, executar roles indistintamente, participar en xogos que tradicionalmente foron propios dun sexo ou outro, favorecer o uso indiscriminado do xoguete, evitar que determinados nenos e nenas xoguen sempre ao mesmo fomentando a aprendizaxe de distintos valores e aptitudes a partir do uso de xogos variados...

En canto aos contos, o equipo educativo selecciona os contos a partir duns criterios, para eliminar aqueles contos sexistas e cun marcado carácter androcéntrico.

O labor de titoría debe estar coordinada entre as/os docentes para intercambiar impresións, suxestións e propostas, establecendo criterios definidos de comportamento e pautas de traballo.

Tampouco podemos esquecer que a coordinación coas familias é primordial para que estas participen na nosa tarefa educativa.

10.6 PROCEDIMENTO E INDICADORES PROPOSTOS PARA REALIZAR O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

Para conseguir os mellores resultados co desenvolvemento do plan de traballo, lévase a cabo unha avaliación continua que nos permite ver se os obxectivos plantexados están sendo os axeitados e se as actividades propostas son as correctas para lograr os obxectivos propostos e así poder realizar as modificacións oportunas.

Valórase o grado de implicación de cada un dos membros que compoñen a nosa Comunidade Educativa, así como a coordinación entre eles e o grado de aceptación das distintas propostas.

Esta avaliación continua complementábase cunha avaliación final onde se valoran os resultados obtidos, as posibles melloras, erros cometidos, necesidades e grado de satisfacción coa experiencia.

11 PROXECTO MEDIOAMBIENTAL

Hoxe en día educación ambiental e calidade educativa son dous conceptos que van intimamente ligados, É por iso que o coidado do medio ambiente, a creación de hábitos proambientales e o fomento de prácticas saudables formarán parte da vida cotiá da escola. Todos os membros da comunidade educativa estaremos implicados neste proxecto partindo do exemplo que, coa súa actitude, teñen que dar os educadores/as nas aulas.

11.1 HORTA

Na escola contamos cunha pequena horta na que os nenos/as participan en todo o proceso de cultivar, coidar e así aprender a procedencia dalgúns dos alimentos que logo probaremos no comedor escolar.

11.2 RECICLAXE E REDUCCIÓN DE BASURAS

En todas as aulas contaremos con diferentes colectores para separar o lixo, cada un deles perfectamente recoñecibles para os nenos/as xa que contarán cun debuxo e un nome identificativos. Os nenos/as levarán para as súas casas (previa información aos pais) estes logotipos, incluíndo desta maneira ás familias nesta labor de separación do lixo.

Durante o curso tamén organizaranse diferentes talleres para as familias para facer adornos de Nadal, xoguetes,.. con material de refugallo.

11.3 HÁBITOS

Como xa comentamos a educación ambiental ten que formar parte da nosa rutina diaria, inculcando nos nenos hábitos como pechar as billas mentres enxabonamos as mans ou cepillamos os dentes, apagamos as luces cando non son necesarias, concienciamos a eles (e con iso as familias) da importancia de poder vir a escola andando en lugar de coller o coche sempre que sexa posible,...